

Novo bandazo nas negociacións coa sinatura dun Acordo Parcial do XVI Convenio Estatal de centros de Atención a Persoas con Discapacidade, que a CIG-Ensino rexeitou

A patronal recúa acatando a sentenza da Audiencia Nacional e asina as táboas salariais do XVI convenio, segundo artigo 32.1 do XV, aplicando a cláusula de absorción de complementos para o SMI, e pechando a adaptación do convenio á reforma laboral segundo os seus intereses, nunhas novas concesións de CCOO e UGT, sen nada a cambio, e sen garantías das melloras sociais do “preacordo roto”.



Como xa vén sendo o habitual, as “negociacións” deste XVI convenio estatal son estériles e mesmo negativas para a clase traballadora, pois ou van ao ritmo que marcan as patronais ou non van. Despois de 20 meses de negociación en máis dun ano (comezaron en marzo de 2021), e logo dos bandazos dados tanto pola patronal coma polos sindicatos maioritarios, asínase un “Acordo parcial” do XVI convenio estatal de centros de atención a persoas con discapacidade, que recolle o que di o XV convenio no artigo 32.1 ratificado na súa contextualidade pola Audiencia Nacional (AN)

en sentenza, as táboas salariais para 2022 dos centros educativos, e a adaptación á reforma laboral do XVI convenio segundo os intereses da patronal, o que foi unha exixencia súa para retirar o recurso contra a sentenza da AN. Estando a patronal obrigada a cumprir a sentenza aínda sae con exixencias para asinar as táboas, que os sindicatos estatais conceden sen nada a cambio, nin garantías de acadar as míseras melloras laborais e sociais recollidas no “Preacordo da 13ª mesa”, que logo romperá CCOO. Dende a CIG-Ensino moito nos tememos que, unha vez máis, gaña a patronal.

Acordo Parcial PATRONAIS - CCOO E UGT, un novo entreguismo sindical:

1. Táboas salariais centros atención especializada e especiais de emprego:

Anos 2022, 2023 e 2024 (aplicación literal art. 32.1)

Grupo profesional		Salario de entrada (Salario base) SB	CD N1 (9,2 %)	SB+N1	CD N2 (7,2 %)	Salario de referencia de grupo (SB+N1+N2)	Nocturnidade (complemento hora nocturna)
Grupo II.	Titulado nivel 3	1.815,63	167,04	1.982,67	130,73	2.113,4	3,69
Persoal Titulado.	Titulado nivel 2.	1.379,88	126,95	1.506,83	99,35	1.606,18	2,81
Grupo III	Técnico Superior nivel	1.270,94	116,93	1.387,87	91,51	1.479,38	2,59
Persoal Técnico.	Técnico.	1.027,13	94,50	1.121,63	73,95	1.195,58	2,09
	Técnico Auxiliar	964,88	88,77	1.053,65	69,47	1.123,12	1,96
Grupo IV.	Operario	830,00	76,36	906,36	59,76	966,12	1,69

“Os atrasos dende o 1/01/2022 deberán ser aboados antes do 30/06/2023”

A CIG-Ensino xa se opuxo a este art.32.1. Dende a súa sinatura no XV convenio en 2019, sempre **esiximos Cláusula de revisión salarial anual á alza**, pois **non tela suporía a consolidación de perda de poder adquisitivo, ao mesmo tempo que perder a antigüidade** (trienios a un 3,7% do SB) **e aumentar a brecha salarial entre salarios máis baixos e máis altos**. Cualificamos o XV convenio de “pan para hoxe e fame para mañá”. Deste xeito a historia repítese co XVI, e os feitos están aí e non erramos: perdeuse poder adquisitivo (2020 e 2021 conxelados os salarios, cuns IPC do 6,8%) e máis se vai perder nos anos 2022, 2023 e 2024.

Subas reais totais en cada situación por antigüidade:

Só co Salario Base (SB)	Co SB + N1	Co SB+N1+N2
3,75 %	5,39 %	6,87 %

Con estas subas reais, segundo antigüidade, a **perda de poder adquisitivo** é distinta, pero coa **inflación disparada** que temos na actualidade van ser moito maior, dado que a suba salarial é só no 2022, e no 2023 e 2024 hai conxelacións salariais. Ben, o IPC no 2022 foi 5,7%, en Galiza un 6,4% (pensións 8;5% IPC medio), no 2023 as previsións son sobre o 5% e no 2024 sobre o 2%, en total un 12,7% de inflación, polo que **os salarios perderán un mínimo do 50% do IPC**, e xa sen contar co IPC de 2020 e 2021, senón será ate do 100% para os máis antigos (Co SB+N1+N2) e que máis suba vai ter. Os que cumpren N1 ou N2, terán menos perda de IPC , pero rematados os 2

“N” logo só terán suba SB, perdendo a antigüidade histórica (por trienio era o 3,7% sen límites). Se non tiveramos estas inflacións altas os N1 e N2 apenas subirían en % (segundo art.32.1 aplícase o 50% do IPC dos 3 anos, repartindo a metade para cada “N”).

U-las mobilizacións do sindicato maioritario esixindo “Cláusula de revisión salarial” para non perder poder adquisitivo despois de romper o preacordo que acadaran?

A CIG-Ensino considera un insulto e un desprezo ao persoal traballador conceder un **prazo á patronal para aboar os atrasos ate xuño de 2023**, cando xa se tiña que ter pagado en marzo de 2022, tal e como recollía o art.32.1 que as mesmas organizacións asinantes acordaron.

Ademais **vólvese a non ter en conta aos Técnicos de cara a aplicación de futuros SMI, ao non crear un diferencial salarial** con respecto ao mesmo ou aos T. Auxiliares, podéndose ver absorbidos complementos e equiparados salarialmente cunha categoría inferior, tal e como pasa agora entre Auxiliares e Operarios sen N1 ou N2, que cobran o mesmo (1000€).

Por último, o **non aplicar a suba ao Complemento por hora nocturna** nas táboas deste apartado 1 supón un incumprimento do convenio, que dende a CIG-Ensino recorreremos ao igual que fixemos co impago da nocturnidade ou calquera outro plus salarial en vacacións ou calquera ausencia por causa legal.

EXEMPLO COIDADOR/A	Salario Base-SB	N1	SB + N1	N2	SB+N1+N2
2019-2020-2021	990 €	7,5%= 74,25€	1.064,25 €	5,5%= 54,45€	1.118,70 €
2022	3,75%=37,12€ SB=1.027,13€	7,5%+1,7%= 9,2% 94,50€	1.121,63 €	5,5%+1,7%= 7,2% 73,95€	1.195,58 €
2023 (Conxelación)	1.027,13 €	Idem ao cumplilo	1.121,63 €	Idem ao cumplilo	1.195,58 €
2024 (Conxelación)	1.027,13 €	Idem ao cumplilo	1.121,63 €	Idem ao cumplilo	1.195,58 €
% Suba real total	3,75 %		5,39 %		6,87 %

2 - Táboas salariais 2022 para centros Educativos:

A) Centros concertados (suba do 2%, pendente +1,5%):

Táboas salariais do persoal docente en pago delegado 2022

Categoría	Salario	Trienio	Nocturnidade - compl. hora nocturna
Profesor/a de secundaria.	1.956,26	50,24	5,48
Profesor/a de primaria e EBO.	1.665,86	39,85	4,66
Profesor/a de educación infantil.	1.665,86	39,85	4,66
Profesor/a de audición e linguaxe.	1.665,86	39,85	4,66
Profesor/a de apoio.	1.665,86	39,85	4,66
Profesor/a de taller.	1.665,86	39,85	4,66

Complementos por cargo directivo-pedagógico en centros educativos con concierto

Importe complemento mes		Trienio
Director/a Pedagógico/a.	367,25	13,71
Subdirector/a Pedagógico/a.	264,28	12,18
Xefe/a de estudos.	237,79	11,42
Xefe/a Departamento.	211,48	10,16
Encargado/a de residencia.	140,25	
Secretario/a.	161,98	

Táboas salariais 2022 persoal complementario e persoal de administración e servizos:

Categoría	Salario base	Antigüidade (valor do trienio)	Nocturnidade (complemento hora nocturna)
III Persoal Complementario			
1.Psicólogo/a	1.946,90	70,51	4,41
2. Pedagogo/a	1.946,90	70,51	4,41
3.Psicopedagogo/a	1.946,90	70,51	4,41
4. Outros titulados grado superior ou postgrado	1.946,90	70,51	4,41
5.- Logopeda	1.781,89	64,54	4,04
6.- Fisioterapeuta	1.781,89	64,54	4,04
7.- Trabllador/a social	1.781,89	64,54	4,04
8.- Outros titulados grado Medio ou grado	1.781,89	64,54	4,04
IV Persoal Complementario Auxiliar			
1. Auxiliar técnico educativo – Educador de educación especial	1.039,27	38,47	2,35
2.- Coidador/a	1.039,27	37,41	2,35
3.-Intérprete en lingua de signos	1.285,97	47,13	2,91
4.-Técnico Superior en Integración Social	1.285,97	47,13	2,91
V.1 Persoal de Administración			
1.- Xefe/a de administración	1.477,96	55,27	3,01
2.- Xefe/a de 1ª de administración	1.385,42	51,09	2,82
3.- Técnico/a de xestión administrativa	1.322,13	48,35	2,69
4.- Oficial/a de 1ª de administración	992,58	37,66	2,02
5.- Oficial/a de 2ª de administración	949,43	34,81	1,93
6.- Auxiliar xestión administrativa	925	32,48	1,88
V.2 Persoal de Servizos Xerais			
7.- Oficial/a de 1ª de oficios	999,6	39,69	2,03
8.- Oficial/a de 2ª de oficios	941,21	36,52	1,92

9.- Xefe/a cociña	1096,03	44,22	2,23
10.- Cociñero/a	941,21	36,52	1,92
11.- Ayudante de cociña	925	31,74	1,88
12.- Conductor/a	941,21	36,52	1,92
13.- Auxiliar de servizos xerais	925	34,93	1,88
14.- Persoal de Servizos domésticos	925	30,97	1,88

B) Centros sen concerto (suba do 3,5%):

Táboas salariais do persoal en centros educativos sen concerto 2022:

	Táboas salariais 2022		
	Saario base	Antigüidade (valor do trienio)	Nocturnidade (complemento/ hora nocturna)
II. Persoal docente			
1. Profesor/a de secundaria.	1.874,76	70,00	5,50
2. Profesor/a de primaria e EBO.	1.531,76	47,79	4,29
3. Profesor/a de educación infantil.	1.531,76	47,79	4,29
4. Profesor/a de audición e linguaxe.	1.384,76	50,41	3,88
5. Profesor/a de apoio.	1.384,76	50,41	3,88
6. Profesor/a de taller.	1.299,55	43,26	3,64
III. Persoal complementario titulado			
1. Psicólogo/a.	1.874,76	70,00	4,25
2. Pedagogo/a.	1.874,76	70,00	4,25
3. Psicopedagogo/a.	1.874,76	70,00	4,25
4. Outros titulados de grao superior ou postgrao	1.874,76	70,00	4,25
5. Logopeda.	1.384,76	50,41	3,14
6. Fisioterapeuta.	1.384,76	50,41	3,14
7. Traballador/a social.	1.384,76	50,41	3,14
8. Outros titulados de grao medio ou grao	1.384,76	50,41	3,14
IV. Persoal complementario auxiliar			
1. Auxiliar técnico educativo-Educador/a de educ. espec.	1.075,85	39,94	2,44
2. Coidador/a.	1054,55	37,04	2,39
3.- interprete en Lingua de signos	1.305,39	47,82	2,95
4.- técnico superior de integración social	1.305,39	47,82	2,95
V. Persoal de Administración e Servizos Xerais			
V.1 Persoal de Administración.			
1. Xefe/a de administración.	1.498,74	56,02	3,05

2. Xefe/a de 1.ª de Administración.	1.406,07	51,81	2,86
3. Técnico/a de xestión administrativa.	1.347,48	49,00	2,74
4. Oficial/a de 1.ª de Administración.	1054,55	37,04	2,15
5. Oficial/a de 2.ª de administración.	1054,55	37,04	2,15
6 Auxiliar de xestión administrativa.	992,10	36,11	2,02
V.2 Personal de Servizos Xerais.			
7. Oficial/a de 1.ª de oficios	1054,55	37,04	2,15
8. Oficial/a de 2.ª de oficios	1054,55	37,04	2,15
9. Xefe/a de cociña	1.305,39	42,61	2,66
10. Cociñero/a	1054,55	37,04	2,15
11. Axudante de cociña	992,10	36,11	2,02
12. Condutor/a	1054,55	37,04	2,15
13. Auxiliar de servizos xerais	992,10	36,11	2,02
14. Persoal de servizos domésticos	992,10	36,11	2,02

Complementos por cargo directivo-pedagógico en centros educativos sen concerto

	Soldo mes	Trienio
Director/a Pedagógico/a	393,85	14,72
Subdirector/a	283,39	13,06
Xefe/a de estudos	254,99	12,25
Secretario/a	159,62	-----
Encargado/a de	138,34	-----

A CIG-Ensino amosou o seu rexeitamento a esta mísera suba salarial que ademais de **incrementar a perda de poder adquisitiva** deste persoal traballador, crea unha **discriminación salarial entre categorías iguais** nun mesmo convenio, cobrando distinto polo mesmo traballo dependendo do centro no que se estea contratado/a. Ademais **os salarios máis baixos non se adaptan ao SMI**, e o que é peor, as categorías máis baixas terán 925€ (no “preacordo roto” eran 950€), sendo no convenio da concertada 978€, nunha discriminación máis (como na xornada) cando reciben os mesmos módulos de concertos.

Tampouco compartimos o non aplicar xa o 1,5% nos centros concertados, por analoxía do **nefasto acordo para os empregados públicos** (vendidos por CCOO e UGT), polo temor da patronal a que todas as administracións non o paguen ao non ser publicado como norma básica e ser obrigatorio para as C.C.A.A (erro do Ministerio), **nin nos parece xusto o prazo de 2 meses dende a publicación no BOE, para aboar os atrasos**. É incomprensible que cando só se asina o que recolle o Goberno nos presupostos, sen negociación algunha, as OO.SS maioritarias permitan estas demoras e máis coa inflación disparada actual.

3 - Modificación da Disposición transitoria 7ª: aplicación do SMI:

Recollendo o mesmo que dicía no XV convenio **que se establece un complemento persoal e absorbible para os casos que se cobre menos que o SMI, ate completar os 1000€ actuais.**

Recordamos a demanda social presentada por CCOO e UGT de que o persoal traballador ten **dereito a percibir o SMI en cada momento vixente**, ademais de percibir as cantidades que poidan corresponderlles polos complementos previstos nos artigos 9.2 e 3, 30.2 e 3, 33, e 34, todos eles declarados polo propio convenio como non absorbibles nin compensables, **que foi desestimada, agás o complemento de nocturnidade, polo xuíz da AN debido á dita disposición transitoria 7ª** asinada no XV convenio. Como pode ser que non compartíndoas as OO.SS, se volva asinar no XVI convenio?

4 - Adaptación da reforma laboral ao XVI convenio nos termos esixidos pola patronal:

No artigo 21- Contrato fixo-discontinuo, este tipo de contrato poderá concertarse tanto a tempo completo, coma a tempo parcial.

Novo artigo 16 bis- Contrato de duración determinada por circunstancias da produción, recollendo: como consecuencia do incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeren un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require, sempre que non responda aos supostos incluídos no artigo 18 deste

convenio colectivo o artigo 16.1 do Estatuto dos Traballadores, terán unha duración máxima de 12 meses.

A CIG-ensino, xunto coas demais OO.SS, esiximos que se as patronais querían meter novos conceptos a negociar, cando a mesa era única e exclusivamente para dar cumprimento á sentenza da AN polas táboas salariais, nós queremos meter as melloras sociais acordadas “no preacordo roto”. A resposta da patronal foi: **“que unha vez que recorriron a sentenza da AN, agora non podían botarse atrás sen nada a cambio”**, ademais **“de que quedarían espidos e vendidos de cara á negociación do resto do convenio”**. Ben, pois ao final o resto da parte social cedeu e valeulle o compromiso da patronal para negociarlos no futuro, esperemos errar e que o convenio non se peche así ou con tres ou catro esmolos.

O máis lamentable foi que non aceptaran meter o **Acordo acadado na Fundación SIMA polos servizos xurídicos da CIG, sobre o art. 35- “pago do complemento de nocturnidade nas vacacións”** cando tiña moito máis encaixe e relación coas táboas salariais a asinar, que os contratos a meter polas patronais. Ademais fora asinado o SIMA por todas as partes e quedara pendente de levar ao convenio unha vez se retomaran as negociacións, despois da sentenza, ou como moito tardar, antes do 31 de decembro, para que as patronais pagaran canto antes. O texto mandado pola CIG, e rexeitado por todos, dicía:

5 - La modificación del artículo 35 del XV convenio, en los siguientes términos, acordados en la Fundación SIMA del 12 de septiembre de 2022 por todos los integrantes

de la mesa negociadora: “Se abonará el complemento de nocturnidad del XV Convenio colectivo general de centros y servicios de atención a personas con discapacidad durante los periodos vacacionales y en otros supuestos de ausencia por causa legal”. Además en dichos períodos también se abonarán los demás pluses recogidos en el convenio, por ordenamiento jurídico firme.

6 - Retirada dos recursos plantexados polas partes social e patronal:

As organizacións integrantes da mesa negociadora, agás CONACEE, comprométense a retirar os recursos de casación presentados no Supremo, contra as sentenzas da AN, tanto do art. 32.1 coma a da aplicación do SMI.

Reunión da CIG con INRED (Asociación Empresarial Galega de Entidades da Discapacidade Intelectual e Afíns).

Nesta xuntanza entre organizacións representativas do sector da atención á diversidade na Galiza, na que logo dunha presentación e exposición das liñas básicas e prioritarias de cada unha das

partes, concluímos que temos coincidencias e puntos en común, nos que podemos confluír de cara a facer fronte á administración galega para que poña os coidados das persoas con discapacidade na prioridade de verdade das súas políticas públicas, comezando urxentemente con máis investimento nestes centros sen ánimo de lucro (que é a quen representan), que dignifique os salarios do persoal traballador, co rumbo dunha única rede pública e un convenio galego digno, como garante dun mellor servizo de calidade aos usuarios/as, no que se desterre a privatización mercantilista. A CIG animou á patronal, ao igual que fixera con AEDIGAL noutra xuntanza, a camiñar nesta dirección reivindicativa para dignificar, recoñecer e valorar os coidados ás persoas e as condicións de traballo, como sempre vimos facendo o sindicato maioritario. As dúas partes puxémonos deberes para comezarmos un camiño, que non vai ser doado, emprazándonos a novos encontros en futuras datas.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal